



## CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 2017

Aprobada en Comisión Permanente de 27 de xullo de 2017

### 1. Introducción e obxectivos

A docencia é unha misión fundamental da Universidade e como tal precisa do máximo apoio institucional na procura da súa excelencia. Para isto é precisa a valoración xeral da propia actividade docente, o recoñecemento dos esforzos de renovación e mellora por parte do profesorado neste ámbito e o fornecemento da innovación docente. Por isto, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte realiza a presente convocatoria de proxectos de innovación educativa.

O obxectivo deste programa é apoiar proxectos encamiñados ao deseño e implantación de accións de innovación educativa na docencia da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra. Preténdese fomentar a aplicación práctica das innovacións desenvolvidas e a súa transferencia.

### 2. Presentación de proxectos

Os equipos deberán estar formados cando menos por cinco persoas:

- Tres ou máis membros do PDI a tempo completo con docencia maioritaria na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte ou contratados dentro do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor da Universidade de Vigo.

Unha destas persoas será a solicitante do proxecto e deberá ter contrato durante o tempo de vixencia do proxecto.

- O resto de persoas que completen o equipo poden ser outros membros do PDI con docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte ou persoal investigador en formación do centro.

Poderá participar como colaborador persoal externo. A composición e o tamaño dos grupos deberán estar axustados ás tarefas que desenvolverá cada un dos seus membros.

Cada persoa só pode formar parte dun proxecto.

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como Anexo I. As persoas interesadas deberán presentar tamén unha memoria do proxecto segundo as instrucións do Anexo II desta convocatoria.

O prazo para presentar esta documentación rematará o 28 de setembro de 2017, e deberá realizarse a través do rexistro da Secretaría do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, dos rexistros auxiliares ou de calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Tamén deberá enviarse unha versión electrónica dos dous anexos ao correo [sdexbp@uvigo.es](mailto:sdexbp@uvigo.es) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Entre os posibles ámbitos de actuación para as accións que se presentarán están:

- Deseño e implantación de novas técnicas didácticas.
- Uso de novas tecnoloxías e deseño da súa aplicación práctica.
- Deseño e desenvolvemento de contidos innovadores en formatos dixitais.
- Desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas para ámbitos específicos.
- Deseño de novas metodoloxías adaptadas ao EEES.

Non se financiarán desenvolvementos puramente tecnolóxicos.

Para a xestión, avaliación, revisión e seguimento do programa formarase unha comisión formada por:

1. O Sr. Vicerreitor do Campus de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.
2. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, ou persoa en quen delegue.
3. O Sr. Decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, ou persoa en quen delegue.

Efectuada a valoración, publicarase nos taboleiros e na páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte a listaxe provisional de axudas aprobadas e denegadas, para que no prazo de cinco días hábiles se presenten as reclamacións oportunas. Transcorrido o dito prazo, publicarase a relación definitiva de estudos concedidos.

### 3. Duración

A data límite para achegar a memoria final do proxecto e a xustificación económica é o 3 de xullo de 2018.

### 4. Recursos e gastos subvencionables

Cada proxecto pode solicitar un máximo de 1.500 euros de financiamento.

As subvencións deberanse dedicar exclusivamente a:

- Adquisición de material inventariable e non inventariable.
- Servizos de reprografía.
- Pago de conferencias.

O gasto poderá imputarse aos orzamentos vixentes durante o curso académico 2017/18.

### 5. Criterios de avaliación das solicitudes

As solicitudes serán avaliadas para valorar a súa calidade científico-académica seguindo os seguintes criterios:

- Necesidade da acción e obxectivos formulados: ata 30 puntos.
- Metodoloxía e plan de traballo: ata 15 puntos.
- Coherencia á adecuación do orzamento: ata 15 puntos.
- Plan de implantación práctica, impacto potencial e transferencia de resultados: ata 20 puntos.
- Valoración do Curriculum Vitae do equipo de investigación no referente á Innovación Educativa: ata 20 puntos.

Pontevedra, 27 de xullo de 2017

O decano

Vicente Romo Pérez

---

## ANEXO I

### CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 2017

#### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D./D.<sup>a</sup>: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Enderezo electrónico: \_\_\_\_\_

Tfno. de contacto: \_\_\_\_\_

Categoría académica: \_\_\_\_\_

Departamento: \_\_\_\_\_

Título do proxecto: \_\_\_\_\_

Pontevedra, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

## ANEXO II

### MEMORIA CIENTÍFICO-ACADÉMICA

Título do proxecto:

Participantes:

Incluirase o nome, o DNI, a categoría académica ou profesional, a área de coñecemento, o departamento e os datos de contacto de todas as persoas que participen na convocatoria.

Resumo:

(Extensión máxima 1 páxina.)

Motivación e necesidade da innovación

(Extensión máxima 1 páxina.)

Obxectivos

(Extensión máxima 1 páxina.)

Metodoloxía

(Extensión máxima 2 páxinas.)

Plan de traballo e cronograma

(Extensión máxima 3 páxinas.)

Orzamento

Identificaranse os recursos necesarios e unha estimación dos seus custos. Para cada recurso solicitado deberá incluírse unha xustificación axeitada segundo os obxectivos e o plan de traballo.

(Extensión máxima 3 páxinas.)

Impacto potencial. Implantación práctica na docencia. Transferencia de resultados.

(Extensión máxima 2 páxinas.)

Bibliografía

(Extensión máxima 3 páxinas)

Anexos

Incluirase un anexo que conteña un breve currículo de cada unha das persoas que participen na acción, así como o seu papel e responsabilidades no desenvolvemento desta. A extensión máxima será de dúas páxinas para a persoa responsable da acción e unha páxina para o resto das que participen.